



## BANDO

### ACCIÓNES PREVENTIVAS POR RISCO DE SECA

Veciñas e veciños de Arteixo,

O concello de Arteixo tomou a decisión de poñer en marcha medidas especiais ante a situación de seca que se está a producir en toda Galicia e que pode levar a todo o país a unha situación de excepcionalidade no que respecta o consumo de auga. As medidas que se tomarán no municipio serán unha redución dos consumos en edificios e infraestruturas municipais, unha baixada do consumo en fontes ornamentais, a eliminación do baldeo de rúas para a súa limpeza, a redución dos regos públicos e privados e unha intensificación no control das perdas da rede de abastecemento.

Todas estas medidas perseguen un aforro no consumo de auga dentro do concello de Arteixo. Desde o concello solicitamos a colaboración dos veciños e as veciñas, das institucións públicas e mais das privadas e das empresas con sede no concello, para que se tomen as precaucións necesarias para evitar o gasto innecesario de auga.

O persoal do concello de Arteixo estase esforzando e previr todos os problemas que unha seca prolongada poida provocar nun futuro, pero tamén é importante a colaboración cidadá nun tema que depende en gran medida do consumo responsable que da auga fagan tanto particulares como empresas.

Arteixo, xoves 16 de novembro de 2017

O alcalde de Arteixo

Carlos Calvelo Martínez